XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 2 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido Popular, formulada contra o presidente e o vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña, por unha posible infracción do artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), por tratarse de publicidade electoral, referida ás inversións realizadas en cada municipio pola institución provincial no marco do Plan de Obras e Servizos ("Plan Único") durante os anos 2017-2023.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 28 de decembro de 2023, o representante xeral do Partido Popular presenta escrito (RE 166/2023) no que formaliza denuncia contra o presidente e o vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña, por presunta vulneración do artigo 50 da LOREX, por tratarse de publicidade electoral referida ás inversións realizadas en cada municipio pola institución provincial no marco do Plan de Obras e Servizos ("Plan Único") durante os anos 2017-2023, ao respecto da cal manifesta:

> *"Los envíos de documentación se han sufragado con fondos públicos y constitúen una campaña de "logros" que va más allá de la estricta información objetiva que los poderes públicos pueden dar durante el período electoral, incluyendo declaraciones subjetivas para hacer creer a la ciudadanía que existe una buena gestión de la institución y que el voto de los electores debe ser al partido político al que los denunciados representan (...).*
> *La campaña no resulta imprescindible para el correcto desenvolvimiento de los servicios públicos, ya que no contiene información de interés general (...), sino que únicamente contiene alusiones a las realizaciones o logros obtenidos."*

Engadindo que:

> *"La circunstancia de que el envío se produzca desde la Diputación de A Coruña, que es un órgano de gobierno al que no afectan las elecciones autonómicas, no exime de responsabilidad a los denunciados, ni el hecho de que no se presenten como candidatos, puesto que la vulneración del artículo 50.2 LOREG se produce en cualquiera que sea el ámbito territorial de competencia de la autoridad pública que organiza una campaña de logros dentro de un período electoral."*

Aos efectos de xustificar as anteriores manifestacións, detalla as seguintes expresións contidas nas cartas enviadas pola Deputación Provincial da Coruña:

- *"Na Deputación da Coruña investimos máis de 3.920 obras nos 93 concellos coruñeses, unha cifra histórica para a provincia da Coruña";*

- *"Axudamos a que o teu concello poda soster servizos públicos básicos como o alumeado público, a recollida do lixo ou a limpeza viaria, achegando fondos para pagar moitas destas facturas e incluso as nóminas de empregados municipais. Tamén financiamos con 28 millóns de euros programas sociais para apoiar ás familias que máis o necesitan nos 93 municipios da provincia.".*

Polo que solicita que se admita a denuncia contra o presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Valentín González Formoso, e contra o vicepresidente do mesmo organismo, don Xosé Regueira Varela, e se incoe o oportuno expediente sancionador por contravir o artigo 50 da LOREX.

2. O 29 de decembro de 2023, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselles ao presidente e ao vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 347/2023 e 348/2023, respectivamente), extremo que se comunicou ao representante xeral do Partido Popular (RS 349/2023).

3. O 30 de decembro de 2023, os denunciados cumpriron o trámite concedido formulando alegacións (RE 177/2023, do vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña, e RE 178/2023, do presidente da Deputación Provincial da Coruña), motivando a conformidade do envío da documentación cos establecido polo artigo 50 da LOREX ao terse iniciado antes do anuncio da convocatoria de eleccións autonómicas e ser por tanto os feitos descritos alleos ao tipo infractor invocado. Motivación toda ela pola que solicita o arquivo do procedemento incoado por mor da denuncia.

Fundamentos de dereito

Primeiro. O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral "calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos".

Segundo. A Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación ao obxecto e aos límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral, inclúe entre as campañas institucionais permitidas, no que aquí interesa, "as campañas informativas que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos".

Precisando que "nestes casos deben entenderse comprendidas en dita prohibición, entre outras actividades, a edición e reparto durante o período electoral con financiación directa ou indirecta dos poderes públicos, de libros, revistas, folletos, cadernos, catálogos, trípticos, soportes electrónicos (cd, dvd, memorias usb, etc...); o envío de correos electrónicos ou de mensaxes sms; a distribución de contidos por radiofrecuencia (bluetooth), ou a inserción de anuncios nos medios de comunicación, que conteñan alusións a los logros obtidos por calquera poder público, (...) o envío de cartas ou mensaxes aos interesados ou a inserción de anuncios en espazos ou lugares públicos ou en medios de comunicación". Ademais "deberá limitarse estritamente a proporcionar información de interese xeral sobre a conclusión dunha obra pública, a posta en marcha ou o funcionamento dun servizo público, sen que poida conter connotacións electoralistas nin alusións ás realizacións ou logros obtidos polos poderes públicos afectados" [apartado segundo, cuarto punto b) e derradeiro parágrafo].

Terceiro. A interpretación do artigo 50.2 da LOREX debe efectuarse, como recentemente a Xunta Electoral Central ten afirmado, "a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en

este caso resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2), y el principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (Sentencias de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, de 28 de mayo de 2008, 11 de noviembre de 2009, 5 de noviembre de 2014 y 28 de abril de 2016). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG".

Neste sentido a campaña institucional de logros ou de realizacións incardínase "dentro del deber de neutralidad electoral que se exige a los poderes públicos y constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el mandato de objetividad que proclama el artículo 103.1 de la Constitución como principio rector referido a cualquier Administración Pública y que, en lo que aquí interesa, comporta la prohibición de influir en la orientación del voto de los electores".

Cuarto. En relación co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas as administracións públicas: «El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas (…) » (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Por iso «el inicio del período electoral no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para o correcto desenvolvimiento de los servicios públicos» (Ac. XEC do 10 de maio de 2011).

Polo tanto, o período electoral non impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Quinto. No presente caso, a denuncia céntrase nas afirmacións referidas no escrito de denuncia en relación cos investimentos realizados en cada municipio pola institución provincial no marco do Plan de Obras e Servizos ("Plan Único") durante os anos 2017-2023, cuxa contratación adxudicouse pola Deputación Provincial da Coruña o 15 de decembro de 2023. O depósito das cartas nas oficinas de correos pola empresa adxudicataria realizouse os días 20, 21 e 22 de decembro de 2023, segundo consta na documentación achegada nas alegacións.

Consecuentemente, para esta Xunta Electoral non existe vinculación entre os feitos denunciados e a convocatoria das eleccións ao Parlamento de Galicia efectuada polo Decreto 150/2023, do 25 de decembro, que entrou en vigor o día 26 de decembro de 2023, ao terse

iniciado o envío das cartas antes desa data que é a que debe terse en conta para determinar o comezo do período electoral que é o comprendido entre a data a publicación das eleccións no boletín oficial correspondente e o día mesmo da votación (art. 50.2 da LOREX en relación co punto primeiro.2 da Instrución da XEC 2/2011, do 24 de marzo).

Tendo en conta as anteditas consideracións, adóptase o seguinte

Acordo

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:30 horas do próximo día 3 de xaneiro de 2024.

Conforme ao comunicado aprobado pola Xunta Electoral de Galicia, do 2 de xaneiro de 2024, o recurso deberá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal